

Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOTA DO PROMOTOR AO INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO ALTO DA TELLEIRA
Promotor	ALTO DA TELLEIRA S.L.
Localización	CONCELLOS DE A CAÑIZA E COVELO (PONTEVEDRA)
Expediente	IN661A 2011/3-4

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas da xefatura territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe do Servizo de Enerxía e Minas da xefatura territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 16/05/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1041705, traslado da resposta do promotor ao informe desta Dirección Xeral de data 20/04/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 37.2.i) da lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítese o seguinte

INFORME:

Analizada a documentación remitida polo promotor en relación a súa contestación ao informe previo desta Dirección Xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos os requirimentos feitos no informe previo, facéndose constar o seguinte:



1- No referente as consideracións feitas sobre o estudo preoperacional dos niveis sonoros na resposta do promotor, dado que en este caso existe pouca poboación ou ausencia de núcleos de poboación a distancias moi próximas aos puntos de implantación dos aeroxeradores e segundo o modelo predictivo de niveis acústicos presentado é previsible a non superación dos limiares establecidos pola normativa actual. Non obstante, para o establecemento dun nivel de ruído real ao respecto dos núcleos máis próximos ao parque e poder cumprir coa lexislación vixente en materia acústica, será precisa a realización dun estudo acústico preoperacional previo a implantación do parque eólico na configuración que resulte definitiva ao respecto do proxecto a executar de cara a estimar unha situación acústica actual nos núcleos máis próximos ao parque eólico e poder asegurar a ausencia de efectos significativos dos que poidan derivarse afeccións á saúde da poboación e implantando de ser o caso as medidas oportunas.

2- No referente as consideracións feitas sobre o efecto parpadeo en caso real indican que son 22 os receptores que superan o limiar de 8 horas anuais. Na táboa aportada son 44 os receptores os que superan dito limiar. Con respecto as medidas protectoras, considérase correcta a proposta recollida no informe de resposta presentado relativa a valoración de apantallamentos consensuados coa poboación afectada, ademais das medidas xa plantexadas no Anexo G. Analise do efecto parpadeo do EsIA no que se indicaba que durante o primeiro ano de explotación realizaríase un control sobre os receptores mais afectados e no caso necesario plantexarase a programación da parada técnica temporal.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

